

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 087/2018**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 6 de xullo de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 9 de xullo de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 6 de xullo de 2018, da Xefatura de Área de Planificación e Programación da Axencia Galega de Infraestruturas, Consellería de Infraestruturas e Vivenda, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso ás alegacións que recibiu a referida Consellería ao proxecto "Ampliación de calzada na estrada AC-552. Tramo P. C1.9+0D0 a 9+650"

O reclamante considera que as alegacións solicitadas están en poder da Administración e non é necesario ningún proceso de "elaboración", existindo xa precedentes de casos similares analizados polo Consello de Transparencia e Bo Goberno

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude dirixida á Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, asinada con data do 12 de xuño de 2018, copia da resolución da Axencia Galega de Infraestruturas do 6 de xullo de 2018 contra a que presenta reclamación, copia do seu DNI e copia da Resolución 283/2016 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno.

Segundo. Con data 12 de xullo de 2018, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Axencia Galega de Infraestruturas para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 24 de xullo de 2018, e con data do 7 de agosto, a Axencia Galega de Infraestruturas no que remite copia do expediente e informe, no que en síntese manifesta o seguinte:

A solicitude inadmitiuse de conformidade co disposto na disposición adicional primeira 1, da Lei 19/2013, ao comprobarse que a información que solicita se encontra integrada nun procedemento administrativo (AC/17/178.10) en curso de elaboración, no que o solicitante non ten a condición de interesado.

Ademais, a tramitación do expediente conta coa súa propia regulación na Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o seu regulamento, que establece un trámite de alegacións para o caso de aprobación dun proxecto de construción, que foi concedido a cidadanía no período do 26 de marzo ao 11 de maio de 2018.

Remitíuselle ao reclamante a dirección da web onde pode consultar o estado do dito expediente e se lle informou que, una vez transcorridos os prazos dos tramites de información pública, informe das administracións afectadas e recibidas as alegacións, se dará resposta motivada ás alegacións formuladas. A Axencia incide no feito de que o reclamante non presentou alegacións ao citado proxecto.

De acordo co anterior e en base ao disposto no artigo 18.1 a) e a disposición adicional primeira prevista na Lei 19/2013, do 9 de decembro exclúese de dito acceso as solicitudes de información que sexan obxecto dun procedemento administrativo aberto e non finalizado, a Axencia considera que non procede admitir a solicitude de acceso presentada.

Ase mesmo, e dado que o que se solicita son as alegacións presentadas polas Administracións públicas e polos particulares que conteñen información de carácter confidencial e protexido, opinións e valoracións persoais sobre os seus bens e dereitos individuais obxecto de expropiación que afecta a dereitos e intereses de terceiros, de acordo co disposto no artigo 15 da Lei 19/2013, contendo información datos de carácter persoal e información confidencial, esta debe estar protexida, polo que debe inadmitirse a solicitude, salvo mellor criterio da Comisión da Transparencia de Galicia. A estes efectos, a Axencia remite os nomes e enderezos dos alegantes particulares, a fin de que pola Comisión, se o considera oportuno, se poida dar trámite de audiencia aos afectados para que aleguen o que a seu dereito conveña.

Por último se alega que de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acceso a arquivos e rexistros debe ter un límite, e será exercido de xeito que non se vexa afectada a eficacia do funcionamento das Administracións e dos Servizos Públicos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exigencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a Administración notificou a súa resolución con data do 6 de xullo de 2018 e o interesado presentou a reclamación con data do 9 de xullo, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O primeiro motivo que a Axencia alega para a inadmisión da solicitude é que a información solicitada esta integrada nun procedemento administrativo en curso de elaboración, polo que

de conformidade co disposto na disposición adicional primeira 1 da Lei 19/2013, debe rexerse pola normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo. No presente caso, ao non ter o solicitante condición de interesado, procede a inadmisión do acceso á información.

Non pode aceptarse esta causa de denegación da información, por canto dado que o solicitante non ten a condición de interesado no dito expediente, non lle é de aplicación a disposición adicional primeira 1 da Lei 19/2013, que unicamente se pode aplicar a persoas que teñan a condición de interesado no expediente.

Respecto á alegación de que a tramitación do expediente ten a súa propia regulación na Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, e no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o seu regulamento, non pode tampouco aceptarse, por canto non pode considerarse que exista un procedemento específico para o acceso á información da documentación dos expedientes dos proxectos de construción, senón que simplemente existe unha regulación do procedemento de tramitación dos proxectos de construción que contempla un trámite de alegacións, pero non un procedemento de acceso á información nestes expedientes, polo que o acceso aos mesmos debe rexerse pola normativa xeral en materia de transparencia.

No referente á inadmisión da solicitude en base á causa establecida polo artigo 18.1.a), é dicir, por tratarse dunha información que é obxecto dun procedemento aberto e non finalizado, tampouco pode admitirse, posto que a causa de inadmisión que a Lei establece neste artigo é referida a *“información que este en curso de elaboración”*, e non a *“información que sexa obxecto dun procedemento aberto”*, polo que sendo a solicitude do interesado a remisión das alegacións ao proxecto (e non ao informe sobre as mesmas, que si pode estar en curso de elaboración), non cabe senón considerar que a información solicitada é información pública (xa elaborada polos interesados), adquirida pola Axencia no exercicio das súas funcións, que non está en proceso de elaboración, e á que ten dereito de acceso calquera persoa.

No referente á inadmisión por conter a información solicitada datos de carácter persoal, debe terse en conta que o artigo 15 da Lei 19/2013, establece que no caso de que a información solicitada contivese datos especialmente protexidos aos que se refire o apartado 2 do artigo 7 da Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (datos sobre ideoloxía, afiliación sindical, relixión ou crenzas) o acceso unicamente poderase autorizar no caso de que se contase co consentimento expreso e por escrito do afectado, a menos que o devandito afectado fixese manifestamente públicos os datos con anterioridade a que se solicitase o acceso. Se a información incluíse datos especialmente protexidos aos que se refire o apartado 3 do artigo 7 da mesma Lei (orixe racial, saúde, e vida sexual), ou datos referidos a infraccións penais ou administrativas, o acceso unicamente se poderá dar si se conta co consentimento expreso do afectado ou cando estivese amparado por unha norma con rango de Lei.

A Lei establece no referido artigo que con carácter xeral, e salvo que no caso concreto prevaleza a protección de datos persoais ou outros dereitos constitucionalmente protexidos sobre o interese público na divulgación que o impida, concederáse o acceso a información que conteña datos meramente identificativos relacionados coa organización, funcionamento ou actividade público do órgano e cando a información solicitada non contivese datos especialmente protexidos (como é o nome e apelidos, ou no seu caso o NIF que podería figurar nas alegacións solicitadas), o órgano ao que se dirixa a solicitude concederá o acceso previa ponderación suficientemente razoada do interese público na divulgación da información e os dereitos dos afectados cuxos datos aparezan na información solicitada, non sendo aplicable o anterior se o acceso efectúase previa disociación dos datos de carácter persoal de modo que se impida a identificación das persoas afectadas.

No presente caso, non consta que nas alegacións existan datos especialmente protexidos, nin que por parte da Axencia se fixera ningún tipo de valoración entre o interese público na divulgación da información e os dereitos dos afectados, existindo en todo caso a posibilidade de disociación dos mesmos, sempre que dita disociación non faga que a información solicitada careza de sentido ou coherencia. Deberá pois a Axencia, de ser o caso, levar a cabo a referida ponderación.

Non é por outra parte función desta Comisión como pretende a Axencia, dar trámite de audiencia a persoas que fixeron alegacións ao expediente para obter o seu consentimento, por corresponder esta función ao órgano ao que se lle solicitou a información, que deberá realizala de acordo co previsto no artigo 19.3 da Lei 19/2013.

Con respecto á afirmación por parte da Axencia de que o acceso aos arquivos e rexistros deben de ter un límite de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe senón poñer de manifesto que os límites de acceso á información pública son os establecidos no artigo 14 da Lei 9/2013, que en todo caso deben aplicarse de forma xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección atendendo ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso.

De acordo co anterior, dado que o reclamante solicitou o acceso a unha documentación que, non cabe dúbida, debemos considerar como información pública, que non está en proceso de elaboración, procede a estimación do presente recurso, por ter o solicitante, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, dereito ao acceso á mesma.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a Resolución do 6 de xullo de 2018, da Xefatura de Área de Planificación e Programación da Axencia Galega de Infraestruturas, Consellería de Infraestruturas e Vivenda, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso ás alegacións que recibiu a referida Consellería ao proxecto "Ampliación de calzada na estrada AC-552. Tramo P. C1.9+0D0 a 9+650"


Segundo: Instar á Axencia Galega de Infraestruturas a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Axencia Galega de Infraestruturas a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia


Milagros Otero Parga